

FUNCIONARIZACIÓN: PUBLICACIÓN DA RPT DA AGRUPACIÓN PROFESIONAL, ESPECIALIDADE DE LIMPEZA E COCIÑA

Santiago de Compostela 24/04/23

Publicada hoxe a [Resolución pola que se aproba a modificación da RPT do proceso de funcionarización da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais \(especialidade de persoal de limpeza e cociña\).](#)

Esta RPT recolle os seguintes postos:

- Persoal **laboral fixo** que **superou** os procesos de **funcionarización** correspondentes
- **Outros postos** de persoal laboral **obxecto de funcionarización**,
- A Resolución indica que:
 - Os postos de traballo do persoal **laboral fixo** que **non superou o proceso manteñen a ocupación** como persoal **laboral fixo**.
 - O persoal **laboral temporal e indefinido non fixo** continuará desempeñando as súas funcións nos **postos que viña ocupando**, nas **mesmas condicións e situación**, ata que se leve a cabo o establecido na **disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015**, logo do remate dos **procesos de funcionarización** que se convoquen ao abeiro das ofertas de emprego dos anos **2018, 2019, 2020 e 2021**.
 - Para a **determinación dos postos** que son **susceptibles** de seren clasificados como de persoal **funcionario** tívose en conta o **artigo 6 do Decreto 165/2019**, do 26 de decembro, **modificado** o seu **anexo** pola **Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública** do **10 de marzo de 2021** que establece o seguinte:
 - «Clasificaranse como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no anexo desta norma.
A **clasificación como de persoal funcionario** realizarase no **corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo**».
 - Así mesmo, tívose en conta o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 10 de marzo de 2021, pola que se modifica o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece a **equivalencia** entre as correspondentes categorías profesionais do persoal laboral e as correspondentes escalas do persoal funcionario.

A toma de posesión como persoal funcionario de carreira, que implicará o cambio do seu vínculo xurídico coa Administración, figura **prevista para o 1 de maio de 2023**, por iso e co fin de que se cumpran os trámites oportunos, en canto á expedición das dilixencias de cesamento correspondentes, esta **RPT entrará en vigor o 30 de abril de 2023**.

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	886 132 759	pontevedra@ugt-sp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	